

ONDE ÍMOS?

A parroquia posúe en Vilán (Fornelos de Montes) unha casa habilitada cunha finca de 5.000 m2 para facer convivencias e campamentos. Son dúas edificacións de pedra, das que unha está dedicada a servizos comúns: baños, cociña, sala de xogos... e outra ás habitacións.

En menos de dez minutos a pé temos a praia fluvial, que sérvenos moitos días de zona de baño segura e agradable.

QUE FACEMOS?

Nos campamentos hai momentos para todo: o aseo persoal, a limpeza dos espazos comúns, a reflexión, o exercicio das habilidades manuais, o deporte, xogos e actividades diúrnas e nocturnas, o baño... mesmo facemos un pouquiño de sendeirismo.

OS NOSOS CAMPAMENTOS

Para nós o máis importante é o espazo privilexiado de convivencia e posta en práctica de valores de solidariedade e axuda entre nen@s e tamén entre eles e adultos. É por iso que nos gusta dicir que son auténticas "escolas para a vida".

Sabemos que participar nun campamento da ás crianzas unha chea de vivencias que non é fácil ter noutros momentos da súa vida cotiá. Neste modelo social non é habitual poder ter vivencia do que significa compartir tempos, espazos e protagonismo con outros, atendendo prioritariamente aos intereses comúns por riba dos desexos puramente individualistas. Moitos deles tampouco teñen ocasión de experimentar a diversión como algo ao que se pode acceder sen ser preciso inverter cartos.

Sen dúbida, para nós son un tempo privilexiado para a transmisión dos valores humanos e cristiáns nos que estamos empeñados.

QUEN O FAÍ POSÍBLE?

O equipo de monitores (ao redor de 1 por 5 nen@s) con formación e experiencia no eido das actividades de tempo libre e a catequese. Outras persoas da comunidade colaboran na cociña, no arranxo dos locais e o material. Tod@s dedican o seu tempo a prol da rapazada.

QUE FAÍ FALLA?

Sobre todo, ganas de pasalo ben, e ilusión por compartir con outros nen@s uns días inesquecibles. Non virá mal tampouco un pequeno equipamento:

Documentos:

- Autorización
- Fotocopia tarxeta Sergas (entregar coa inscrición)

Para o aseo persoal:

- Cepillo e pasta de dentes
- Xabón
- Peine
- Toalla grande
- Crema protectora solar

Para a noite:

- Saco de dormir
- Saba baixa axustable
- Un coxín ou almofada

Roupa en xeral:

- Camisetas, pantalóns...
- Calcetíns, roupa interior
- Sudadera
- Chuvasqueiro
- Gorra
- Traxe de baño (2)
- Calzado deportivo
- Chanclas

Outros:

- Servilleta de tea
- Bolígrafo e caderno
- Lanterna

+info: tel. 986 213453 | comunidadebasecoia.org | info@comunidadebasecoia.org
facebook.com/cristo.victoria | twitter.com/cristovictoria

:: Ficha de inscrición ::

D/Dona. _____
autorizo ao meu fillo/a _____
de _____ anos de idade, que cursa _____, con enderezo en _____
_____ , co teléfono: _____ que participa na catequese parroquial
do "Cristo da Victoria", a asistir ao Campamento de Verán, que terá lugar en Vilán (Fornelos de Montes) entre os
días _____ de 2018.

Tamén declaro que non existe ningún impedimento físico, sanitario ou enfermidade infecto-contaxiosa que incapacite ao meu fillo/a a asistir a devandito campamento.

Entregar na Parroquia antes do:
13 de xuño (1ª quenda) e 24 de xuño (2ª quenda)



DATAS 2018

[1ª QUENDA] **3º primaria**
do 29 de xuño ao 2 de xullo

[2ª QUENDA] **4º primaria a 4º ESO**
do 2 ao 8 de xullo

CUOTAS

35 euros > 1ª quenda
70 euros > 2ª quenda

PRAZO DE INSCRICIÓN

1ª quenda até o 13 de xuño
2ª quenda até o 24 de xuño

O venres 8 de xuño, ás 20:30 da tarde faremos unha xuntanza de presentación e información dos campamentos. Asiste a ela se estás pensando enviar ás túas crianzas. Mesmo se xa teñen ido agardámoste para que poidas achegar aos demais a túa experiencia.

- Ninguén que queira participar debe deixar de facelo por causas económicas. Esta comunidade atende calquera situación persoal. Soamente hai que dicilo.

- A SAÍDA dos autobuses é para todos ás 16:30 do serán, e os REGRESOS ao redor das 19:00 do serán.

+info: tel. 986 213453 | comunidadebasecoia.org | info@comunidadebasecoia.org
facebook.com/cristo.victoria | twitter.com/cristovictoria

